



Seminarios formativos Agantro 2025

ANTROPOLOXÍA E INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

“NOVAS FERRAMENTAS PARA NOVAS FORMAS DE ETNOGRAFÍA III”
3º edición-2025

OBRADOIROS PRESENCIAIS NO MUSEO DO POBO GALEGO, SANTIAGO DE COMPOSTELA

DATAS:

3, 10, 17 e 24 de outubro de 2025

Inscripción en:

i.gal/Agantro2025

Para máis información:

agantro.org / agantro@gmail.com

PRAZAS LIMITADAS

Para poder asistir aos seminarios é necesaria a inscrición previa.

Organiza:

 **AGANTRO**
asociación galega de antropoloxía


Colabora:

 **Museo do
Pobo Galego**

Actividade subvencionada pola
Deputación da Coruña

 **Deputación
DA CORUÑA**





Estes catro obradoiros, de 3 horas de duración. Ofrecen algunhas das múltiples ferramentas e experimentacións etnográficas desenvolvidas pola antropoloxía nos últimos tempos para facer fronte aos novos retos das sociedades actuais. Este ciclo formativo sobre as novas ferramentas para a investigación antropolóxica supón a continuación da programación das dúas edicións anteriores.

Os obradoiros están pensados para incitar a experimentar con modalidades de indagación etnográfica novas e para espertar a inventiva necesaria para producir preguntas, ferramentas e dispositivos de investigación etnográfica que estean á altura dos desafíos da nosa contemporaneidade.

O ciclo ten un fin práctico, amosando casos concretos e reais froito da investigación antropolóxica e do traballo de campo dos e das docentes, de xeito que se ofrezan diferentes modelos e exemplos de intervención, ou de achegamento a este campo de estudo, que poidan servir de inspiración ou guía aos asistentes nos seus futuros proxectos.

PROGRAMA

3 DE OUTUBRO – Obradoiro “**Memorias gráficas: como hacer un relato memográfico con debuxos e palabras?**”

- *Espazo de conversa e de escoita, mediado polo debuxo e a escritura, para afondar na relación entre oralidade, memoria e debuxo a partir de técnicas como o relatograma ou o memograma dirixido a calquera persoa que teña curiosidade por aprender a relatar de modo gráfico e a experimentar outros modos de escoitar e mirar o que sucede ao noso redor, recollendo memorias pasadas e presentes.*
- **Docente:** Adela Vázquez Veiga é investigadora e docente universitaria, con experiencia nos ámbitos da conservación do patrimonio cultural. Na actualidade é codirectora do espazo cultural independente O Gabinete.

10 DE OUTUBRO – Obradoiro “**Climas de cambio: Recetario para investigar e intervir cotiandades no contexto do quecemento global**”

- *O cambio climático está aquí e afecta o devir presente e futuro das nosas sociedades. En canto moitos estudos e intervencións se centran en contextos nos que a crise climática se expresa con maior gravidade (como en contextos de inundacións, secas ou megaincendios), pouco fixemos en relación ás cotiandades nas que estes cambios se expresan de forma sutil e familiar. Paradoxalmente, son os encontros máis habituais coa nova realidade climática. Este seminario expón unha serie de premisas teóricas e recomendacións metodolóxicas para facer fronte ao estudo etnográfico e a intervención desas cotiandades, baseándonos en experiencias recentes de traballo de campo en distintas partes de Galicia.*
- **Docente:** José Antonio Cortés é profesor na Facultade de Socioloxía da UdC. Os seus intereses de investigación céntranse nas políticas de patrimonialización e conservación ambiental, as relacións humano-ambientais e os coñecementos ambientais, a ecoloxía política, a economía verde e a relación entre capitalismo, natureza e políticas de conservación.

17 DE OUTUBRO – Obradoiro “**Imaxinar desde o común. Creación de proxectos divulgativos para a música e o baile tradicionais**”

- *Neste seminario ofreceranse as ferramentas teóricas e prácticas necesarias para abordar a creación de proxectos divulgativos vencellados á música e o baile tradicionais galegos e á súa comunidade portadora. Así, partiremos das achegas conceptuais, culturais e identitarias que nos ofrecen os montes en man común para, desde aí, imaxinar accións culturais sustentables, que repercutan no benestar da colectividade.*
- **Docente:** Xulia Feixoo é percusionista, historiadora da arte e etnomusicóloga. Na actualidade é investigadora predoutoral FPI na Universidade de Valladolid.

24 DE OUTUBRO – Obradoiro “**Transferencia e co-creación de ciencia no eido rural. Investigando xuntas desde o ecofeminismo**”

- *Este seminario tenta desde o ecofeminismo, pero tamén desde correntes afíns como a economía feminista e a economía ecolóxica feminista, indagar nas posibilidades de xerar unha investigación militante e orientada cara a transferencia de coñecemento e a co-creación de ciencia en contextos rurais, especialmente con mulleres do sector primario. Veremos os elementos que a posibilitan e as dificultades que poden xurdir no proceso.*
- **Docente:** Bibiana Martínez Álvarez é doutora en Antropoloxía social. O seu interese de investigación enmárcase no campo rural, concretamente nos procesos de produción (principalmente de alimentos) e reprodución que se dan neste ámbito e a súa relación coa resiliencia e os coidados.



AGANTRO
asociación galega de antropoloxía

